



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura medievais	Código	613484027	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Profesorado	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo das principais liñas temáticas de investigación en literatura medieval galego-portuguesa.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A9	Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.		AM2	
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.		AM3	
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.		AM6	
Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.		AM10	
Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.		AM13	
Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.			BM4
Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.			BM5



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.	AM8		
Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	AM9		
Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.	AM12		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Textualidade e Retórica trobadorescas.	1.1. Edición, fixación textual e interpretación. 1.2. A hermenéutica retórica: xénese e interpretación textual. 1.3. A neoretórica e a recepción-interpretación. 1.4. Conciencia e capacidade retóricas.
2. Macroestruturas textuais e retóricas.	2.1. A "voluntas significandi" na equivocidade trobadoresca. 2.2. A "interpretatio nominis" nas cantigas amorosas e satíricas. 2.3. Análise e interpretación de "exempla" significativos.
3. Microestruturas textuais e retóricas.	3.1. As figuras de dicción e a textualidade trobadoresca. 3.2. Usos paronomásticos e poliptóticos nas cantigas amorosas e satíricas. 3.3. Análise e interpretación de "exempla" significativos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		6	9	15
Obradoiro		10	15	25
Lecturas		1	20	21
Traballos tutelados		1	7	8
Proba mixta		1	4	5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades poderán contemplarse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Traballos tutelados	Traballo escrito en que o/a alumno/a realizará ou ben a edición crítica do(s) texto(s) acordado(s) previamente ou ben o estudo e análise dun tema transversal sobre determinados textos literarios.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos.</p> <p>O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.</p>
---------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro		Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía.	25
Traballos tutelados		Avaliación dos texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado analizará, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigada.	15
Lecturas		Avaliación da lectura das obras realizada polo/a alumno/a ao longo do curso.	20
Proba mixta		Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.	40

Observacións avaliación
<p>Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.</p> <p>O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.</p> <p>O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.</p> <p>O alumnado que non se presente ou suspenda na primeira convocatoria deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios, seguindo as mesmas pautas indicadas.</p> <p>A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Ferreiro, M.; Martínez Pereiro, C.P.; Tato Fontañá, L. (Eds.) (2007). Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval. A Coruña: Baía Edicións - Martínez Pereiro, C .P. (1996). Natura das animalhas. Vigo: A Nosa Terra - Martínez Pereiro, C .P. (1999). A indócil liberdade de nomear. A Coruña: Espiral Maior <p>Obra de lectura obrigada: A indócil liberdade de nomear (Por volta da interpretatio nominis na literatura trovadoresca) de Carlos Paulo Martínez Pereiro</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Massini-Cagliari, Gladis (2007). Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses. Fontes, edicións e estrutura. Sao Paulo: Martins Fontes Editora - Pérez Priego, Miguel Ángel (1997). La edición de textos. Madrid: Síntesis - Pallares Méndez, Mª Carmen (2003). A vida das mulleres na Galicia medieval 1100-1500. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela - VV.AA (1990). Las mujeres medievales y su ámbito jurídico. Actas de las II Jornadas de investigación interdisciplinaria. Madrid: Universidad Autónoma

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías